

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 06.04.2018

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 12.03 h do 06.04.2018, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria convocada para hoxe, segundo a convocatoria feita en virtude do Auto 00023/2018 do Xulgado contencioso administrativo núm. 1 de Ferrol, ditado o 19.03.2018, no seo do incidente de execución 19/2017, polo que se acorda deixar sen efecto a suspensión da realización da sesión plenaria do 26.10.2017 e ordena unha nova convocatoria da moción de censura contra o alcalde Juventino José Trigo Rey.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Painceiras, Ana María Novo Picos, Juventino José Trigo Rey, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María Carmen Martínez Rodríguez

Preside a sesión a Mesa de Idade conformada pola concelleira de maior idade, María Manuela Aguilar Prieto (que actúa como presidenta), a concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente e a secretaria municipal Estefanía Manteiga Lamas.

Concorre a interventora accidental:

María Milagros López Álvarez

Unha vez comprobado o quórum de asistencia necesario para realizar a sesión, a Mesa de Idade declara aberta a sesión, procedendo a secretaria municipal a dar conta da moción de censura presentada, logo de que os concelleiros presentes renuncien a súa lectura, e que se transcribe a continuación:

“D. Gumersindo Pedro Galego Feal, Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona Juana Barro Couto, Don Alejandro Gutiérrez Sánchez e Dona Ana Novo Picos, concelleiros do grupo municipal do Partido Popular no Concello de Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida e Cesar Daniel Castro García concelleiros de SOMOS FENE, de conformidade co establecido na lexislación vixente presentan esta moción de censura para o seu debate e aprobación polo Pleno do Concello de Fene en base aos seguintes

### FEITOS

Celebradas as eleccións locais do 24 de maio do ano 2015, o día 13 de xuño celébrase o pleno constituínte do Concello de Fene.

O artigo 196 da Lei 5/1985 de Réxime Electoral establece que “na mesma sesión de constitución da corporación procédese á elección do Alcalde de acordo co seguinte procedemento:

- Poden ser candidatos todos os concelleiros a que encabecen as correspondentes listas
- Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos cos concelleiros é proclamado electo.

En dita sesión constitutiva resultou elixido alcalde de Fene o concelleiro, cabeza de lista do BNG, don Juventino Trigo Rey, acadando o voto de nove concelleiros (4 do BNG, 3 do Grupo Municipal Socialista, e 2 de SOMOS FENE) que supoñen a maioría absoluta do Pleno do Concello de Fene. No caso de que non acadara dita maioría absoluta gobernaría a lista máis votada que foi a do Partido Popular de Fene con 7 concelleiros.

Conforme ao exposto, don Juventino Trigo Rey foi elixido legalmente e lexitimamente Alcalde de Fene, constituíndose un goberno de coalición integrado polas tres forzas políticas.

No transcurso do primeiro ano da lexislatura, a falla de diálogo e o sectarismo do Alcalde cos seus socios de goberno culminou o día 9 de agosto de 2016 coa súa decisión unilateral de retirar as competencias aos concelleiros do Grupo Municipal Socialista e SOMOS FENE.

Dende ese momento o Alcalde de Fene, elixido de forma legal e lexítima, pasou a ser un alcalde legal pero ilexítimo, xa que non representa a maioría do pleno. O alcalde que decidiu utilizar a Lei para que o elixiran e, unha vez elixido, utilizou as competencias que a Lei lle confire para retirar e expulsar do goberno a aqueles concelleiros que non eran da súa formación quedando o goberno en minoría co alcalde e tres concelleiros. A utilización da lei para acadar un fin distinto ten un nome moi claro, fraude de lei. Por tanto, dende o 9 de agosto de 2016 goberna en Fene un alcalde fraudulento que utilizou os votos dos concelleiros para a súa elección e utilizou as competencias que a lei lle confire para a súa premeditada expulsión.

Ese foi o camiño seguido por un alcalde elixido legal e lexítimamente para converterse nun alcalde ilexítimo.

A posterior incorporación dunha concelleira da formación que acadou o menor número de votos non concede ao alcalde ningún plus de lexitimidade. A correlación de forzas hoxe no pleno é radicalmente distinta á do ano 2015. Hoxe somos 12 concelleiros na oposición e 5 no goberno. Dirixen o noso Concello, en votos, a segunda e a última forza política. Transcorrido máis dun ano dende a súa decisión de quedarse só, case nada se fixo.

Dende aquela tamén foi reprobada a súa actitude no pleno en tres ocasións, xa que semella que a decisión que tomou elevoulle o ego de tal maneira que, actuando como se tivera maioría absoluta no pleno, ninguneou e ignorou a oposición de maneira case vergoñenta pleno tras pleno ata hoxe.

Durante estes meses sumáronse diversas reprobacións produto do sectarismo e a intolerancia do Sr. Trigo Rey:

- 1.- Moción de reprobación do Grupo Municipal Socialista pola falta de lexitimidade democrática.
- 2.- Moción de reprobación e solicitude de dimisión do Partido Popular pola actitude amosada polo Sr. Trigo Rey no pleno ordinario do mes de agosto de 2016, no que pretendeu introducir por vía de urxencia os orzamentos de 2016.
- 3.- Moción de reprobación e solicitude de dimisión pola perda da subvención do Plan Medioambiental da Deputación provincial de A Coruña (PMA/2016).

Igualmente, o seu oscurantismo levou á oposición a promover dúas comisións especiais para o estudo dos seguintes feitos:

- Pago irregular do carné de conducir a un funcionario
- Suposta venda de chatarra sen fiscalización

Ademais dos feitos que motivaron a presentación e aprobación das tres mocións relacionadas, o incumprimento do pacto de goberno subscrito no ano 2015, nos últimos 14 meses, foi absoluto.

A día de hoxe, pese ás declaracións reiteradas do alcalde no senso de manifestar que votou do goberno ao Grupo Municipal Socialista e a SOMOS FENE por obstaculizar o cumprimento do acordo de goberno e que dende que goberna só está a cumprir o devandito pacto, o certo é que nada fixo dende o 9 de agosto de 2016 para tratar, xa non de acadar, se non achegarse minimamente a algún dos obxectivos marcados. Seguindo os puntos recollidos no mesmo:

#### PARTICIPACIÓN VECIÑAL, INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

Nin unha soa actuación en 10 meses. Incluso antes de romper o goberno negou ao concelleiro de participación cidadá pertencente a SOMOS FENE a inclusión dunha partida orzamentaria no 2016 para tal fin.

#### EMPREGO:

Fóra dos convenios anuais ofertados e financiados pola Deputación Provincial de A Coruña para o fomento do emprego nada se fixo. A maiores incluso lle foi denegado un obradoiro de emprego do Plan Reinicia da Xunta de Galicia para formación de xóvenes en busca do primeiro emprego, debido ás deficiencias do proxecto que non chegou a acadar a mínima puntuación.

#### BENESTAR SOCIAL, DEPENDENCIA E IGUALDADE

Retraso na concesión das axudas de emerxencia social. Negativa a subscribir o Plan da Xunta de aluguer de vivendas baleiras para o caso de malos tratos ou desafiuzamentos. Desaparición do programa de tardes activas e talleres de memoria.

C.I.F.: P-1503600-G

## UN CONCELLO SOSTIBLE CON SERVIZOS BÁSICOS UNIVERSAIS

Auga a Magalofes. Nos últimos 14 meses, non se concretou unha soa xestión pese a existir varias ofertas de terreos para os depósitos

Posta en marcha do Punto Limpo. En 14 meses non se ten concretado ningunha actuación que avance nesta cuestión pese á dispoñibilidade dos concellos veciños.

Mellora do alumeadado público. Non se ten realizado ningunha actuación máis alá das de mero mantemento.

Mantemento de parques. A data de hoxe, o Concello de Fene non dispón de ningún parque certificado segundo marca a normativa vixente. A pesar diso, o actual goberno non ten impulsado ningunha medida de calado nos parques infantís.

Protección do medio ambiente. Máis alá das pirámides de madeira para os escornabois e as charcas artificiais en Marraxón, non se lle coñece ningunha outra innovación. Seguimos con verquidos na ría e varios puntos, etc.

Implementar medidas que melloren a xestión da auga. A pesar de saber que o contrato con Viaqua vence no 2018 non se ten realizado ningunha xestión. Ao contrario, permitiu durante un ano que Viaqua non baleirase de lodos a vella depuradora de Maniños.

Fortalecer a reciclaxe. Non se ten constancia de que implementase ningunha medida.

## EDUCACIÓN, CULTURA, LINGUA E DEPORTES

Nin unha soa actuación de relevancia, deixando de atender as necesidades básicas de mantemento de varios centros de ensino.

## URBANISMO E VIVENDA

Nin unha soa actuación en dous anos, transcorrendo xa máis de ano e medio dende a entrada en vigor da nova Lei do Solo de Galicia, manifestando expresamente o concelleiro de urbanismo en comisión que non fixera nada.

## REDISTRIBUÍNDOS RECURSOS, TAXAS, IMPOSTOS, AXUDAS E BOLSAS

Despois de 14 meses de goberno en solitario seguimos sen orzamentos, sen ordenanzas fiscais, sen revisión do IBI, sen revisión de taxas, sen ampliar bolsas de axudas.

## XESTIÓN CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

Da remunicipalización de rúas da Deputación Provincial de A Coruña, da xestión de beirarrúas nos viais da Deputación, da execución do convenio con ADIF para os pasos elevado e soterrado e da xestión con SEPES da segunda fase de Vilar do Colo non hai constancia de ningún avance.

Noutra orde non se debe olvidar que o responsable do cumprimento dos obxectivos fundamentais dun goberno é o Alcalde. No seu caso dende que tomou posesión nada fixo por solventar numerosas cuestións que afectan á calidade de vida dos veciños e veciñas de Fene:

1.- Plan Xeral de ordenación urbana. A súa revisión e adaptación á Lei do Solo quedou ralentizada na lexislatura anterior ante a inminente aprobación da nova Lei do Solo, lei que foi aprobada polo Parlamento de Galicia no mes de febreiro de 2016. Pasou xa máis dun ano e medio e, en comisión, a preguntas da oposición ao seu concelleiro de urbanismo manifestou literalmente que non fixera nada.

2.- Orzamentos: despois do seu incualificable intento de levar uns orzamentos sen consensuar ao pleno ordinario de agosto de 2016 por vía de urxencia e tratar de forzar a súa aprobación sen consensuar cos seus socios de goberno e sen falar coa oposición, case en cada pleno e en cada comisión de facenda dende o mes de outubro veu manifestando que en breve se trasladarían aos distintos grupos políticos as liñas mestras dos orzamentos. Até a data non se ten presentado unha soa liña, renunciando xa á súa presentación. E a maior abundamento aínda tivo que formular un plan económico financeiro por primeira vez no Concello de Fene.

C.I.F.: P-1503600-G

CVD: zcF6w5nP8xk4AIZAqtKe  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 25/10/2018) , Gumersindo Pedro Galego Feal (FECHA: 25/10/2018)

Versión imprimible

3.- Ordenanzas municipais: pese á imperiosa necesidade de moitas delas, como a de concesión de axudas de emerxencia, nada fixo.

4.- Punto limpo: que lle vamos a dicir. Na lexislatura anterior votou en contra da proposta do anterior goberno de ceder a súa xestión á mancomunidade. Dende o inicio da lexislatura dixo que de forma inminente poñería en funcionamento o mesmo. Despois de varios anuncios na prensa seguimos sen avanzar un só paso cara a apertura do punto limpo.

5.- Paso elevado e soterrado da vía do tren: en máis de dous anos o alcalde non ten realizado unha soa xestión fructífera nin con ADIF nin cos propietarios/as das parcelas que necesitan ser cedidas para o inicio das obras.

6.- Senda peonil a escola infantil do Carril: ata a data foi incapaz de recoller as cesións dos veciños para o vial. O concelleiro de urbanismo non sabe nin cantas se necesitan nin cantas faltan.

7.- O edificio da antiga cámara agraria: votou en contra da súa adquisición á Xunta de Galicia polo goberno anterior, argumentando que debería ser unha cesión gratuíta. Nin onerosa nin gratuíta. Ningunha xestión en máis de dous anos.

8.- Casa de Cela: ningunha xestión realizada en máis de dous anos.

9.- Plan de aluguer de vivendas baleiras: pese a saber o necesario que é contar con algún inmovible para acoller a persoas maltratadas ou desafiuzadas, o seu concelleiro de urbanismo manifestou en comisión que non fixera nada ni o ía facer.

10.- Plan de medio ambiente da Deputación: perde a subvención por presentala fóra de prazo.

11.- Plan Reinicia: para fomento do primeiro emprego para xóvenes. Foi denegado porque o proxecto presentado é tan inconsistente que non obtén nin a puntuación mínima.

12.- Subvención da Deputación para persoal para a caseta de turismo.- Di que non o solicitou porque era anti-económico para o Concello ao ter que achegar unha parte do custo, e que era mellor contratar unha empresa privada. Nin se leu as bases. Resulta que se lle concedeu a todos os Concellos co gasto subvencionable ao cen por cen.

13.- Renovación da rede de abastecemento na marxe esquerda da Avenida das Pías: proxecto redactado xa polo anterior goberno e incluído nesta lexislatura no PAS do ano 2015. Aínda en licitación.

14.- Aglomerados: en dous anos só se fixo o Camiño do Catalán, 600 metros en Lubián, un tramo da Rúa Río Cádavo e a Rúa Casaredo - Romariz.

15.- Saneamento: só se realizaron a reposición dun pequeno tramo na rúa Xerardo Díaz e outro na rúa Unión. Ningún nos últimos 14 meses de goberno.

16.- Desastre na xestión do baleirado da antiga depuradora de Maniños: pese a que o goberno anterior deixou un proceso iniciado e ratificado por sentenza xudicial, foi incapaz de xestionar o baleirado da instalación durante un ano e de impoñerlle as multas a empresa concesionaria que ordeaba a resolución da alcaldía e a sentenza.

17.- Como colofón abonou a un funcionario os gastos para a obtención do carné de conducir dun camión, saltando os principios de igualdade, mérito e capacidade. O que se debe sumar a admisión de unha instancia fóra de prazo para cubrir unha comisión de servizos que foi anulada pola Xunta a quen, ata a data, non fixo nin caso, etc.

É preciso poñer fin ao sen sentido, sectarismo e nepotismo deste goberno do Sr. Trigo á cabeza e volver á racionalidade e o equilibrio da corporación. É o momento do compromiso porque sería imperdoable deixar que esta situación de desgoberno continúe en detrimento dos servizos aos veciños cando estamos en situación de poder cambiala.

Sendo responsables co mandato recibido nas derradeiras eleccións, os concelleiros que subscriben esta moción de censura asinaron un pacto de goberno público e a disposición da veciñanza no que constan as liñas básicas do seu compromiso, tendo como base o desenvolvemento do documento "Programa de actuación no Concello de Fene 2015-2019" con especificacións concretas nas áreas de

C.I.F.: P-1503600-G

CVD: zcF6w5np8xxk4AIZ4qtKe  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

governabilidade, facenda, obras, persoal, contratación, ética e transparencia e dar continuidade á acción de goberno.

#### DEREITO

No marco da regulación legal vixente e facendo uso lexítimo das ferramentas democráticas propias dun estado constitucional, os que subscriben esta moción, pertencentes a dous grupos políticos dos que compoñen esta corporación e sumando un total de 9 concelleiros, acordan dan resposta á paralización do Concello cun cambio de xestión e de rumbo.

E de conformidade coa Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral, presentamos esta moción de censura contra o alcalde don Juventino José Trigo Rey, concretamente en base ao artigo 197.

A moción de censura a subscriben 9 concelleiros que constitúen a maioría absoluta do número legal de membros da corporación. Os concelleiros que subscriben a moción propoñen a don Gumersindo Pedro Galego Feal como alcalde do Concello de Fene, e a súa aceptación expresa consta no presente escrito de presentación da moción. Esta moción preséntase subscrita polos concelleiros que a encabezan coas súas firmas debidamente autenticadas ante o notario de Pontedeume don Alvar Quintanilla López Tafal. Esta moción preséntase perante a secretaría do Concello de Fene aos efectos de que acredite que a moción cumpre os requisitos establecidos no artigo 197 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral.

Polo exposto, solicitamos teña por presentada esta proposición de moción de censura contra o alcalde do Concello de Fene don Juventino José Trigo Rey, se sirva admitila dispoñendo os trámites necesarios para levala a efecto, así mesmo, e de conformidade co artigo 197.1.c da citada Lei 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, quedará o Pleno automaticamente convocado para as 12 horas do décimo día hábil seguinte ao seu rexistro.”

De seguido a secretaria municipal dá conta dos antecedentes e preceptos legais reguladores desta sesión:

“Na pasada sesión plenaria do 03.08.2017 tomouse razón do pase a condición de concelleiros non adscritos dos concelleiros Xoán Manuel Rodríguez Bastida e César Daniel Castro García unha vez que a formación política pola que concorreron ás pasadas eleccións municipais, Participación Democrática Directa de Galicia (PDDdG) presentara o 06.06.2017 RXE 201799900000120 unha solicitude de que pasaran a ser considerados concelleiros non adscritos ao acordarse pola Coordinadora Nacional do partido a retirada da representación do dito partido aos citados concelleiros.

A toma en consideración como concelleiros non adscritos foi avalada polo informe de secretaría 99/2017.

Fronte a esta toma de razón, os concelleiros presentaron un recurso contencioso-administrativo (que foi tramitado no seo do procedemento de dereitos fundamentais 180/2017) e solicitaron a adopción dunha medida cautelar, estimada en Auto 69/2017 de 27.09.2017 do Xulgado do contencioso-administrativo núm. 1 de Ferrol. Nesta medida cautelar acórdase a suspensión do acordo de toma de razón do pase a concelleiros non adscritos de Xoán Manuel Rodríguez Bastida e César Daniel Castro García.

Con posterioridade presentouse unha moción de censura e convocouse un pleno para o 26.10.2017, acordándose pola Mesa de Idade co voto de calidade da súa presidenta que a moción non reunía os requisitos do artigo 197 LOREG para proceder ao seu debate e votación.

Froito do recurso presentado polos concelleiros Xoán Manuel Rodríguez Bastida e César Daniel Castro García, ditouse a sentenza 39/2018 do 20 de marzo pola que se estima o seu recurso declarando o dereito de ambos concelleiros a permanecer no seu cargo de concelleiros do Concello de Fene con todos os seus dereitos políticos, económicos e administrativos e como integrantes do grupo municipal Somos Fene.

Paralelamente este mesmo Xulgado resolveu mediante Auto 23/2018 do 19 de marzo ditado no incidente de execución 19/2017 declarar a nulidade de pleno dereito do acordo da Mesa de Idade do 26.10.2017 e ordena a nova convocatoria da sesión plenaria “suspendida” o 26.10.2017.

C.I.F.: P-1503600-G

CVD: zcF6w5nP8xk4AIZAqtKe  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 25/10/2018) , Gumersindo Pedro Galego Feal (FECHA: 25/10/2018)

Versión imprimible

Trala convocatoria desta sesión para o día de hoxe, o Concello de Fene presentou sendos recursos de apelación aos Autos e sentenza ditados no procedemento de dereitos fundamentais 180/2017, recursos que non suspenden a execución dos actos recorridos.

Por parte da letrada dos concelleiros Xoán Manuel Rodríguez Bastida e César Daniel Castro solicitouse ao Xulgado do contencioso-administrativo núm. 1 de Ferrol que se complete o auto ditado polo que se declara nulo o acordo da Mesa de Idade do 26.10.2017, de forma que se ordene continuar o pleno dende o momento no que se produciu a suspensión, sen que caiba admitir novos informes, escritos ou documentos que non sexan os existentes. Ao dito escrito opúxose o Concello de Fene en sede xudicial.

O 02.04.2018 Ramón Mouriño Alfonso en calidade de responsable de organización e representante do partido político PDDdG presenta un acordo que certifica acadado pola Coordinadora Nacional no que se reiteran nos acordos adoptados en xuño de 2017 cando lles retiraron a representación do partido aos concelleiros do grupo municipal Somos Fene, volvendo acordar a disolución do grupo municipal Somos Fene e a revogación da representación do PDDdG aos ditos concelleiros diante da Corporación de Fene, considerando que o dito acordo equivale á súa expulsión efectiva e inmediata.

No acordo acordan dar conta á Mesa de Idade do Concello de Fene, aos concelleiros aos efectos de audiencia e á Xunta Electoral de Ferrol.

En relación con este escrito foi emitido unha dilixencia informativa de secretaría 28/2018 do 5 de abril que resumidamente di: "Con independencia dos requisitos para a válida constitución, (...), o que está claro é que a constitución dun grupo é algo que lle pertence aos seus integrantes, polo que non pode ser aceptado o acordo da formación política PDDdG de disolver o grupo Somos Fene, xa que non ostenta competencias para iso.

O mecanismo que contempla o artigo 73 da LBRL introducido tralo pacto antitransfuguismo pola Lei 57/2003, obedece á posibilidade de que as formacións políticas, mediante a expulsión das ditas formacións, obriguen ao pase á consideración de concelleiros non adscritos daqueles concelleiros integrados no grupo político que se corresponda coa dita formación e que se aparten da disciplina de partido, pero isto non supón unha disolución do grupo municipal.

Por outra banda, a formación reitera os acordos que adoptou en xuño de 2017 de revogarlle a representación do partido aos concelleiros Xoán Manuel Rodríguez Bastida e César Daniel Castro García, o que di equivale a efectos legais na súa expulsión efectiva da dita organización.

Esta secretaría xa se pronunciou no informe 99/2017 sobre a equivalencia entre a revogación da representación e a expulsión da formación política no caso dos integrantes do grupo Somos Fene ao tratarse de non afiliados, nunha interpretación analóxica e teleolóxica do artigo 73 LBRL, tal e como así se interpreta no Ditame 2008/0454 do Consello Consultivo da Comunidade Valenciana. A interpretación xurídica posta de manifesto no dito informe é ratificada pola subscribinte.

No obstante, debe terse en conta que a dita interpretación foi desbotada na sentenza 39/2018 do 20 de marzo do Xulgado do contencioso-administrativo núm. 1 de Ferrol por considerar que non era de aplicación ao caso ao entender que os concelleiros do grupo Somos Fene non se integraron no grupo da formación política pola que se presentaron ás eleccións (así debe interpretarse a frase da sentenza na que se di que o informe de secretaría 99/2017 non resulta de aplicación ao caso porque se basea nun Ditame non equiparable "pues se refiere al caso de un concejal que se integró en el grupo constituido por el Partido Político en cuestión").

Inda que a subscribinte nin comparte os fundamentos de dereito nin os fundamentos de feito da sentenza, non é menos certo que segundo dispón o artigo 103.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-administrativa: "Las partes están obligadas a cumplir las sentencias en la forma y términos que en éstas se consignan" e que o acordo remitido por PDDdG non é máis que unha reiteración do xa desbotado en sede xudicial.

Inda que a sentenza foi recorrida en apelación, o recurso presentado non ten efectos suspensivos, ademais existe unha medida cautelar ditada no Auto 69/2017 de 27.09.2017 do Xulgado do contencioso-administrativo núm. 1 de Ferrol acordando a suspensión do acordo de toma de razón do pase a concelleiros non adscritos de Xoán Manuel Rodríguez Bastida e César Daniel Castro García que se mantén ata que recaia sentenza firme segundo o artigo 132 da Lei 29/1998.

C.I.F.: P-1503600-G

CVD: zcF6w5nP8xk4AIZAqtKe  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

En base ao que antecede, non pode ser tomado en consideración o escrito presentado polo partido PDDdG o 02.04.2018 para a toma en consideración como non adscritos dos concelleiros Xoán Manuel Rodríguez Bastida e César Daniel Castro García.”

Ata este momento, non están resoltos ningún dos recursos nin solicitudes presentados en sede xudicial.

Estes son os feitos acaecidos ata este momento. Aproximadamente sobre as 10.15 h desta mañá esta secretaría tivo coñecemento da existencia de dous burofaxes remitidos pola formación política PDDdG aos concelleiros Xoán Manuel Rodríguez Bastida e César Daniel Castro García pasadas as 09.00 h desta mañá, cuxo contido se descoñece.

Dado que por Auto23/2018 do 19 de marzo do Xulgado do contencioso-administrativo núm. 1 de Ferrol ditado no incidente de execución 19/2017 declarouse a nulidade de pleno dereito do acordo da Mesa de Idade do 26.10.2017 (o que comporta uns efectos ex tunc, isto é, supón que o acto non naceu no mundo xurídico, inda que produza efectos ata a súa anulación formal) , debe procederse por parte da Mesa de Idade a constatar se se manteñen os requisitos da moción de censura para continuar coa súa tramitación previstos no artigo 197 LOREG.

De non verificarse o cumprimento dos requisitos, levantarase a sesión.

De verificarse, procederase a dar unha breve quenda de intervencións ao candidato á alcaldía, ao alcalde e aos voceiros dos grupos municipais, e a someter a votación a moción de censura.

A votación deberá ser nominal e para a súa aprobación require o voto favorable da maioría simple da Corporación.

Segundo a lexislación citada, a Mesa de Idade debe pasar a presidir a sesión, actuará como presidenta a concelleira de maior idade (María Manuela Aguilar Prieto) e como concelleira de menor idade (Rocío Aurora Bértoa Punte), actuando como secretaria a da Corporación.”

A continuación, a Mesa de Idade, procede a comprobar que se manteñen os requisitos esixidos no artigo 197.1 da Lei orgánica do réxime electoral xeral.

De seguido a presidenta dá a palabra á concelleira da mesa de idade, Rocío Aurora Bértoa Punte, que di que considera que a moción de censura cumpre con todos os requisitos para proceder ao seu debate e existe un informe da secretaría que confirma que non existe ningún impedimento xudicial. Tamén hai que ter en conta os antecedentes que relatou a secretaria titular e o Auto do incidente de execución que ordena a reanudación do Pleno do debate da moción de censura. Faise eco do dito no resumo da secretaria, que explicou que esta semana volveu entrar un escrito da plataforma política que ía no mesmo sentido que as anteriores, e reitera o que xa dixo no Pleno de que xa existían unhas medidas cautelares que non asumían isto, e que, a día de hoxe, non existe ningunha resolución xudicial que contradiga ou impida que o debate da moción non se leve a cabo.

A continuación fai uso da palabra a presidenta da mesa de Idade, María Manuela Aguilar Prieto, que fai a seguinte manifestación:

“Bo día,

Como ben di a secretaria do Concello, correspóndelle á Mesa de Idade decidir se se dan as condicións para que a Moción de Censura presentada siga o seu trámite.

Revisada a documentación, informes e autos xudiciais, recursos presentados, etcétera, teño que concluír que non se dan as circunstancias para continuar, ao igual que non se daban no Pleno do 26 de outubro.

Na miña consideración, os dous concelleiros de Somos Fene son NON ADSCRITOS.

A diferenza co día 26 de outubro é que hoxe temos unha serie de autos xudiciais totalmente blindados que impoñen un criterio diferente ao meu. Legalízase o transfugismo.

Cando tomei posesión do cargo de concelleira prometín cumprir e facer cumprir as leis, débome ao pobo de Fene, e Fene non merece estar nesta situación.

C.I.F.: P-1503600-G

CVD: zcF6w5nP8xk4AIZqtKe  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 25/10/2018) , Gumersindo Pedro Galego Feal (FECHA: 25/10/2018)

Versión imprimible

Polo tanto, por imperativo xudicial e a pesar de non estar para nada de acordo, o Pleno debe continuar.”

**Rematado o debate a Mesa declara que si se manteñen os requisitos esixidos e procédese ao estudo e exame da moción de censura, segundo a orde do día da convocatoria:**

**Aprobación, se procede, da Proposta da moción de censura contra o alcalde Juventino José Trigo Rey, presentada o 11.10.2017, (Rexistro Xeral de Entrada 7717), polos concelleiros do grupo municipal do PP e do grupo municipal Somos Fene**

A continuación a presidenta concédelle a palabra ao aspirante á alcaldía, o voceiro do grupo municipal Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que como continuación do Pleno anterior, a quenda de palabra correspóndelle ao candidato á alcaldía. Di que o grupo Popular, no ano 2015, gañou as eleccións e acadou sete concelleiros. Tamén é certo que cumprindo a Lei, neste Concello formouse un goberno tripartito, do que saíu un alcalde lexítimo e legal. A partir de aí, os avatares que pasaron neste Concello son ben coñecidos por todo o mundo. O tripartito durou catorce meses e produciuse a expulsión do grupo Socialista e Somos Fene daquel goberno, expulsáronse, non é que se fosen. Aínda que numericamente parezan as cousas iguais, non é o mesmo que a un o voten que un se vaia, por iso, dende ese momento, en uso das facultades da alcaldía, expulsando aos dous grupos políticos do goberno, entende que o alcalde, que nun primeiro momento era legal, pasou a ser ilegal.

Prosegue a súa intervención aspirante á alcaldía, o voceiro do grupo municipal Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, dicindo que logo da realización, coa suspensión do Pleno da moción de censura do pasado 26.10.2017, entende que a decisión ilegal que se tomou naquel momento privou ao Concello de ter unha nova maioría estable no Pleno. Este Pleno reanúdase, logo de varios Autos xudiciais e unha Sentenza xudicial que devolve os dereitos a un grupo municipal. Por tanto, todos os concelleiros que hai hoxe aquí neste mesa están no pleno exercicio dos seus lexítimos dereitos como concelleiros electos do Concello de Fene. Unha vez que sucedeu todo isto, a súa pregunta sempre foi por que o seu grupo non pode pactar con outros grupos políticos?, pregunta que lle gustaría que reflexionase todo o mundo, é dicir, se aquí nun primeiro momento se constituíu un goberno tripartito, legal e lexítimo, por que agora que se desfixo, o grupo maioritario que gañou as eleccións non pode tentar os pareceres do resto das forzas políticas para poder chegar a obter unha nova maioría e tratar de sacar adiante moitos temas que ten pendente este Concello?. Isto foi, máis ou menos o feito, co compromiso do partido Popular que subscribiu integramente o acordo de goberno que asinaron naquel momento as tres formacións políticas, por iso pregunta, por que o seu grupo, cunha nova maioría, non pode ser quen de darlle adiante a ese pacto de goberno que se frustrou hai uns anos? Isto foi o xerme desta moción de censura. A partir disto, pensa que a actuación do goberno, dende que quedou en solitario e en minoría foi nula. Isto non o di a bote pronto e pídelo ao todo o mundo que examine na web municipal as ordes do día dos plenos de hai dous anos, é dicir, ao Pleno non vai nin un só asunto resolutivo, é dicir, non se goberna, porque se fose así habería que levar ao Pleno os asuntos que precisan pronta e inmediata resolución. Levan dous anos sen orzamentos, nin borradores de orzamentos. Hai temas moi importantes, como son a adaptación do plan de urbanismo á nova Lei do solo, a división da parroquia de Perliño para conectar os dous lados desta cun paso subterráneo e outro elevado da vía do tren, o punto limpo, a senda peatonal da escola infantil, etcétera. Hai unha serie de asuntos que continúan pendentes, que non se resolveron e como di na moción de censura, hai unha serie de temas nos que non se fixo nada, como é no tema de participación veciñal, en emprego, en benestar social, nos servizos universais básicos falta a auga de Magalofes, falta o punto limpo, falta a mellora de parques.

Prosegue a súa intervención o aspirante á alcaldía, o voceiro do grupo municipal Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, dicindo que eses temas pendentes están subscritos no pacto de goberno que teñen subscrito as dúas formacións que presentan esta moción de censura. Por outro lado, pensa que determinadas xestións foron bastante negativas porque se perdeusa subvención do plan medioambiental, do plan reinicia e a subvención para a caseta de turismo que concedía a Deputación. Por tanto, houbo unha serie de actuacións que non se realizaron, que están pendentes e, aínda que o sinte moito, as persoas que hai hoxe en día gobernando non son quen de sacar isto adiante e estima que unha nova maioría si sería quen e se rexeneraría a vida deste Concello, porque non lle cabe dúbida de que está xudicializada. Por parte do partido Popular existe só un procedemento xudicial en defensa dos seus dereitos e intereses, como consecuencia da suspensión do Pleno do 26.10.2017, aínda que hai moitos máis contenciosos-administrativos, moitas máis

C.I.F.: P-1503600-G

CVD: zcF6w5nP8xk4AIZAqtKe  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



denuncias contra concelleiros, é dicir, xudicializouse algo que nunca debeu saír das portas deste Concello.

De seguido a presidenta concédelle a palabra ao alcalde, Juventino José Trigo Rey.

O alcalde comeza a súa intervención dicindo que si vai respectar este Pleno e será breve, segundo marcan as normas. Aproveita para dicir, en primeiro lugar, a todos os membros que compoñen este goberno o seu esforzo e dedicación. Pode dicir que non é doado gobernar en minoría e moito menos cando a oposición se dedica constantemente a entorpecer e paralizar a boa marcha do goberno local, presentando mocións de censura e xudicializando a política. Facer que Fene funcione e funcione ben, con transparencia e calidade democrática, coa prioridade de atender aos veciños, supón moitas horas de dedicación e roubadas á vida persoal e familiar de cada quen, así que lle dá as grazas aos seus compañeiros e compañeiras e dilles que foi un pracer traballar con eles neste goberno. Tamén quere agradecerlle ao todo o persoal municipal o seu traballo, a todas as Áreas e Departamentos, xa que un goberno en minoría non podería funcionar sen o esforzo de todas as persoas que cada día levan adiante o traballo municipal e dilles que foi un pracer compartir xornada con todos e todas elas. Hoxe é un día triste para Fene, non vai entrar en rebater cada unha das mentiras que acaba de escoitar. É un día triste para Fene porque hoxe, por primeira vez na vida deste pobo, vaixe materializar unha moción de censura na que conflúen os factores máis noxentos da vida política deste país e neste Estado: compra de vontades, traizón á veciñanza e corrupción lexitimada por un Auto xudicial sen precedentes, que xudicializa a vida política para favorecer unha volta atrás na senda das boas prácticas, da transparencia, do traballo e atención ás necesidades sociais que entre todos acadaron nestes últimos anos. O seu traballo, a partir de agora, dende a oposición será facer o que sempre fai o BNG neste caso, defender os intereses das maiorías sociais, dos máis desfavorecidos e da veciñanza en xeral, tratando de impedir e denunciando publicamente calquera movemento que se pretenda realizar en beneficio doutros intereses. Deixa unha institución municipal saneada, eficaz e que paga puntualmente aos seus provedores, mellor que nunca na historia do Concello, centos de miles de euros investidos en obras e infraestruturas moi necesarias para Fene e outros tantos preparados para novos investimentos, investimentos necesarios dende hai máis de dez ou quince anos e que non se moveron. Deixa o goberno municipal coa cabeza ben alta, coa sensación do deber cumprido e co obxectivo posto nas vindeiras eleccións municipais, nas que o pobo de Fene terá de novo a palabra e esta ben seguro de que porá a cada quen no lugar que lle corresponde.

Remata a súa intervención dicindo que foi un pracer e un orgullo ser o alcalde do seu pobo.

A continuación a presidenta anuncia que lle vai dar a palabra aos voceiros dos diferentes partidos e rógalles a todos eles que sexan breves nas súas exposicións.

De seguido a presidenta dalle a palabra ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que non vai insistir no dito na súa anterior intervención pois é o que todos ou moitos veciños de Fene coñecen.

Seguidamente a presidenta concédelle a palabra ao voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que o partido Socialista é consciente cando veu a este Pleno que os seus tres votos non condicionan o resultado nun ou noutro sentido, por tanto a súa votación é testimonial pero non implica que teñan opinión sobre o que aconteceu nos últimos tempos no Concello. Anunciou hai tempo que desbotaba a posibilidade de que a normalización da situación política no Concello de Fene pasara por un apoio do partido Socialista a un goberno encabezado polo partido Popular e non fará máis referencias a esta cuestión porque é coñecida publicamente dende hai tempo. Por outra banda, respecto do apoio ou non á xestión do alcalde ou a defensa desta moción de censura di que quere facer algo de historia antes de manifestar o seu posicionamento. Quere ir algo atrás e remóntase a lexislatura 2007-2011 cando neste Concello houbo un primeiro pacto de esquerdas para gobernar mediante un bipartito que deu lugar a que o BNG, logo de dous anos de continuo asedio ao goberno na prensa no que os luns viñan traballar logo de que as fins de semana houberse deslealdades permanentes nos medios de comunicación acabou co abandono do goberno e deixando esa opción de goberno tocada e debilitada. Esta foi a primeira deslealdade. Na lexislatura 2011-2015 o partido Popular gañou as eleccións con seis concelleiros, a segunda forza foi o partido Socialista con cinco concelleiros e a terceira forza o BNG con cinco concelleiros. Houbo un acordo a nivel galego das dúas formacións políticas, PSOE e BNG, polo cal ambas forzas políticas comprometíanse a apoiar a lista máis votada e un dos dous únicos concellos no que non se cumpriu o acordo foi no Concello de Fene, no que o BNG novamente comete unha deslealdade e coa súa abstención permite que governe o partido Popular e rompe os acordos asinados a nivel galego entre as dúas formacións políticas. Esta foi a segunda deslealdade e, a pesar disto, nas eleccións do 2015 o partido Socialista preséntase co compromiso de que vai apoiar á forza de esquerdas máis votada e comprométese a traballar e favorecer que haxa un goberno de esquerdas. Os resultados non son os esperados e o partido

Socialista quedou relegado á segunda forza, dentro dos grupos de esquerda, e o seu primeiro xesto foi poñerse a disposición do resto dos grupos políticos, en primeiro lugar co BNG, para tratar de acadar un acordo de esquerdas que posibilitara a reconciliación da esquerda, cun sacrificio inmenso dentro da súa organización, onde aínda moitos dos seus afiliados e afiliadas lembraban o que sucedera anos atrás cando o BNG permitiu o goberno da dereita. No 2015 en Fene, sen que houbera ningún acordo a nivel galego, tendo plena liberdade para decidir o que crían máis oportuno, decidiron pasar páxina e darlle unha oportunidade á reconciliación da esquerda. O certo é que non tardaron moito en decepcionarse, de feito no Nadal de 2015 xa avaliaban internamente que se a situación do goberno seguía a ser de paralización e de incapacidade para axilizar a solución dos problemas, habería que reformular a súa posición. En todo caso, internamente acordouse esgotar todas as posibilidades para manter a opción viable e non defraudar á veciñanza en canto a aposta que fixeron de goberno. O certo é que durou pouco, porque na primeira decisión importante que cabía tomar, que foron os orzamentos e sen rematar o proceso de negociación, o BNG rachou en solitario e decidiu presentalos. Ante a aptitude coherente do resto de partidos que formaban o goberno de tratar de que eses orzamentos non se debateran mediante un procedemento de urxencia, senón que se debatesen con tempo e se achegaran tamén á cidadanía e, en todo caso, estivesen plenamente consensuados entre todos os membros do goberno, Juventino Trigo respondeu, tres ou catro días despois, cesando aos concelleiros do grupo Socialista e Somos Fene, cesando a maioría do goberno. Esta foi a última deslealdade que cometeu o BNG co partido Socialista. Ao seu partido xa non lle queda xenerosidade para poder volver apoiar ao BNG do Concello de Fene. Hai quen pensa que os pactos só serven cando os favorecen a eles, o seu grupo entende que cando se fai un pacto é para cumprilo e non para ser absolutamente desleal. Dille ao alcalde que tivo a oportunidade de reconciliar a esquerda na coalición e aínda que pode haber moitas responsabilidades, a principal foi de quen desbotou ter maioría e gobernar sen ela, isto é, foi Juventino Trigo, foi o BNG, quen sumiu ao Concello no desgoverno e na inestabilidade hipotecando os futuros desenvolvementos para os veciños e veciñas de Fene.

Cando se fala da xestión que leva realizado o goberno nos últimos dous anos, lémbrelle como están as execucións dos diferentes plans de obras. O plan do 2015: aínda se comezou coa obra das Pías hai unha semana e aínda queda algunha obra pendente de executar en Magalofes. No plan do 2016: case que a metade do plan de obras esta sen realizar e hai algunhas obras importantes como o alcantarillado da Raño ou as obras previstas nos plans complementarios de arranxar as fachadas dalgúns dos colxios municipais. O plan de 2017: apenas estase a comezar a licitar as obras e, por suposto, do plan do 2018, non lle pode pedir nada porque aínda se está a comezos do ano. Respecto dos orzamentos, di que non é que non estean aprobados, é que logo do 2015 nin sequera tivo a ben presentalos, non fixo o esforzo de presentalos. Outra cousa sería que non acadara o apoio suficiente, pero nin sequera se realizou o traballo de presentalos.

Prosegue a súa intervención dicindo que o Plan Xeral de Ordenación Municipal non tivo ningún avance e segue igual que ao principio da lexislatura, igual que a modificación das ordenanzas, as sendas peonías de Baralobre, Maniños e Magalofes, que se xestionaron o primeiro ano de goberno e quedaron publicamente de xestionar os terreos e non se xestionou nada. En definitiva un goberno que o único cualificativo que pode ter é de desgoverno, de paralización. Por tanto, tampouco poden apoiar ao actual alcalde e a posición do seu partido será absterse neste Pleno.

A continuación a presidenta concédelle a palabra ao voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida.

O voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, comeza a súa intervención dicindo que non van repetir os argumentos xa citados polo candidato a alcalde e polo voceiro do partido Socialista, pero si queren facer unha exposición dos motivos polos que participan nesta moción de censura. Di que son conscientes das implicacións políticas da súa decisión, pero os dilemas ideolóxicos son substituídos polo interese da cidadanía de Fene. "Establecemos un proceso no que as dúas organizacións, con altura de miras, escapando do autismo político e abríndose á realidade, articulamos as coincidencias e as diferenzas, obviando obcecacións ideolóxicas entorno a un desafío, o ben da cidadanía de Fene.

Dició Hanna Arendt, que a política é preocuparse polo mundo e que a diversidade favorece a potencialidade. Pensamos que tiña razón.

Somos conscientes tamén da situación de ambivalencia na que esta o BNG, dolorosa por unha parte pois perden un goberno que conseguiron por artes non democráticas e gozosa por outra xa que vai gobernar o PP como queren cando non gobernan eles. Recordemos como na anterior lexislatura gobernou o PP, con Gumersindo Galego, porque non apoiaron á forza maioritaria da esquerda que fora o PSOE.

O mesmo pasa con EU, que no 2011 dou o goberno de Extremadura ao PP para que non gobernase o PSOE, así como en máis de 60 concellos de España.

C.I.F.: P-1503600-G

Hoxe en día os actores persoais, agás Somos Fene, son practicamente os mesmos.

Invocar criterios e medidas de moralidade absolutas sen mirar para atrás para comprobar que a súa liña de moralidade está intacta, é un cinismo moral e delata un claro interese persoal.

A cidadanía de Fene non escolleu a Juventino José Trigo como alcalde, xa que nin sequera foi a lista máis votada. Foi alcalde grazas a un pacto de goberno suscrito co PSOE e Somos Fene.

Despois de incumprir o pacto asinado, bloqueando e restrinxindo sistematicamente todas as iniciativas dos dous grupos, o alcalde decide rompelo. Utiliza como motivo a non conformidade de PSOE e Somos Fene coa presentación dos orzamentos vía moción de urxencia para un Pleno ordinario do día seguinte sen exposición pública. Os orzamentos son o documento máis relevante de calquera administración. Só foi unha simple manobra para poder gobernar en solitario.

Sucedo algo insólito, a usurpación do goberno cun golpe de man que substitúe a legalidade democrática dun goberno de coalición por un goberno arbitrario, ademais de incompetente e minoritario. Un goberno ilegal desde o punto de vista democrático, e cunha dimensión especulativa: estar no poder para ter a esperanza dunha posterior maioría absoluta nas próximas eleccións, tal como expresaron no seu boletín propio que editaron.

Establecer con nitidez onde está a fronteira entre o que é democrático e o que non o é, non é unha cualidade que teña o BNG de Fene. Autoinvestirse alcalde desta forma non é un xesto democrático, é xusto o contrario. Está deslexitimado democraticamente.

Dicía Oscar Wilde “Podo resistir todo menos a tentación”. O BNG non resistiu a tentación de gobernar en solitario.

Somos Fene, no primeiro Pleno despois da rotura do pacto propón ao alcalde que faga unha cuestión de confianza, coa esperanza de poder retomalo. Non se realizou e seguiu adiante co seu plan, incorporando despois á concelleira de EU. Forman así un grupo minoritario (5 de 17) que sen consenso nin apoios, sen diálogo e acordos, non só se esquece da pluralidade do Concello senón que paraliza e bloquea a vida municipal.

A súa actuación, arrogándose a voz do pobo de Fene que co seu voto non lles outorgou a capacidade de formar goberno é xa un modelo caduco. Desde as eleccións de 1999 en que tiña dous representantes, Esquerda Unida só consegue un concelleiro ou concelleira en cada proceso electoral. O BNG descende ata os catro representantes actuais. Esa é a capacidade de representación que a cidadanía de Fene lles outorgou.

O goberno BNG-EU mostra dende o comezo un absoluto desprezo pola tolerancia, polo necesario respecto que se lle debe ao outro aínda que pense distinto, usando o insulto e a ofensa como arma política en contra dos antigos socios de goberno, sen o máis mínimo escrúpulo. O insulto corta de raíz toda posibilidade de diálogo, intercambio de opinións e discusión civilizada, danando os alicerces fundamentais da democracia.

É un goberno irrelevante e incompetente, cun único obxectivo, a súa propia subsistencia ata as próximas eleccións. Un goberno definido por unha palabra, a inacción, a ausencia total de iniciativas, empezando pola máis importante que son os orzamentos que non se presentaron en toda a lexislatura. Gobernan prorrogando os do Partido Popular. Está instalado na improvisación, reaccionando cando aparece algunha denuncia nas redes sociais ou despois das protestas veciñais. “Un fracaso nunha se improvisa, constrúese”, e iso é o que están facendo. A situación é peor cada día, e como é susceptible de empeorar, empeorará.

Esta situación levou ao conxunto da oposición a explorar a posibilidade dunha moción de censura nos meses de xuño e outubro. Non foi adiante por nomearnos non adscritos a plataforma (PDdG), a pesar de non ser militantes seus, tal e como eles mesmos teñen referido no xulgado.”

Prosegue a súa intervención dicindo que Somos Fene rexeita comportamentos que parten da suposición de que alguén ten a verdade e todos os demais que non comparten unha determinada posición política están equivocados.

“ Estamos nunha situación complexa e temos a responsabilidade política de afrontala cunha medida excepcional, a moción de censura que apoiamos, para cambiar o forma de gobernar e establecer un modelo de gobernanza que garanta unha xestión eficaz. Neste escenario unha moción de censura é

C.I.F.: P-1503600-G

CVD: zcF6w5nP8xk4AIZAqtKe  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 25/10/2018) , Gumersindo Pedro Galego Feal (FECHA: 25/10/2018)

Versión imprimible

un exercicio pleno de actividade política democrática, independentemente do resultado que se obteña.

Non facemos unha coalición PP-Somos Fene, iso sería un acordo político previamente pactado para toda unha lexislatura tal como fixéramos no fracasado tripartito co BNG.”

“Deixando de lado as reticencias e os lexítimos intereses partidarios, establecemos un proceso de diálogo, negociación e pacto para atopar a solución que permita afrontar a grave situación creada polo goberno do BNG. Un diálogo construtivo dos que pensamos diferente pero que deixando de lado consideracións políticas e ideolóxicas temos un obxectivo común: o ben da cidadanía de Fene. A tolerancia e a concordia son valores moi necesarios; as sociedades son fortes cando xentes que pensan de formas moi diversas conviven xuntos.

Así chegamos a un “acordo circunstancial” que se circunscribe ao tempo que resta de lexislatura e define o campo de acción política para este período, marcado por un programa de goberno que non só recolle todos e cada un dos apartados do antigo pacto tripartito co BNG, senón tamén cuestións básicas dos programa de Somos Fene.

A nosa decisión pode parecer contradictoria, pola falta de hábito de feitos similares no noso Concello, pero é coherente co noso ideario de actuación política municipal.

O acordo implica recoñecer que o ideario dunha organización política non constitúe un bloque monolítico e omnicompreensivo, capaz de abranguer todos os aspectos prácticos e teóricos da vida dos cidadáns, e que substraer pezas da armazón ideolóxica para buscar puntos de unión con outras organizacións non implica o derrube de todo o seu ideario. Supón aquilatar os postulados propios cos de outras visións diferentes para concertar políticas que xeren unha xestión eficaz, descubriendo nesa rica mestizaxe de ideas maneira de satisfacer as demandas da maioría social do Concello.

Conseguimos así unha maioría municipal estable que permite non só a investidura dun alcalde novo senón tamén a formación dun goberno capaz de actuar con solvencia e decisión para favorecer os intereses da cidadanía.”

\*(1)

De seguido a presidenta concédelle a palabra á voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que será breve e contará a verdade. Hai un refrán que di: “polos seus feitos os coñeceredes”. Os feitos dos concelleiros de PDDdG (xa que así é como se presentaron ás eleccións, tal e como consta no BOP do 28 de abril de 2015), consistiron durante estes tres anos en non vir polo Concello, con excepción dos días do Pleno, porque perciben 400 euros pola súa asistencia. 400 euros por unhas horas de presenza - que non de traballo - ó mes no concello non está nada mal, sobre todo se temos en conta que hai moitas familias que dispoñen desa mesma cantidade para facer fronte a todo o mes. Fai un ano e medio que EU Fene entrou a formar parte deste goberno, xa que a democracia da que fan gala estes concelleiros e o resto da súa candidatura, impediron con chantaxe que EU Fene puidese acceder ó goberno unha vez pasadas as eleccións; nese ano e medio, o voceiro deste grupo político do que agora renega, asistiu a dúas comisións informativas (aclara que hai catro cada mes), a dúas comisións en ano e medio. Nesas dúas comisións tratábanse asuntos que lle afectaban persoalmente. Non asistiu nin a xuntas de voceiros, nin a mesas de negociacións onde se tratan asuntos que afectan ó persoal do concello. Non asiste a nada, só ao pleno, para poder percibir eses 400 euros. Alguén os cualificou nalgún momento como os concelleiros mellor pagados en toda a historia no Concello de Fene. E para saber cales son os intereses da cidadanía, hai que vir polo Concello. Do seu compañeiro, o vicevoceiro de PDDdG, pode dicir que a súa traxectoria política foi andar saltando de grupo en grupo, ata atopar un oco nunha candidatura que polo que se ve, non lle esixe que traballe, nin que cumpra coas súas obrigas como concelleiro, nin coa palabra dada á veciñanza. Pola contra, estes dous señores tiveron mesmo a “desfachatez” de levar á xustiza unha demanda polo recoñecemento dos seus dereitos. Só falan de dereitos. Nunca lles escoitamos falar de obrigas e de traballo. En campaña electoral cacarexaron, a quen quixo escoitalos, que viñan a Fene coa idea de facer unha nova política, e coa pretensión de botar ó PP. Unha das súas frases máis repetidas, incluso na prensa foi: “Nunca permitiremos nin facilitaremos un goberno de dereitas en Fene”. E unha cousa é non chegar a acordos para formar un goberno de esquerdas e outra moi diferente é quitar un goberno de esquerdas para entregarllo ó partido Popular.

En EU Fene estamos convencidos de que esta moción non se tería dado sen a mediación do partido Socialista fenés. Estamos convencidos que a madriña desta voda entre PP-PDDdG, foi o voceiro do PSOE, que non asumiu nada ben que o expulsaran do goberno. Lembra tamén á veciñanza que é a segunda vez na historia da democracia de Fene que este voceiro “rebenta” un goberno. A primeira vez foi invitado, por non dicir obrigado, a dimitir, mesmo polos seus compañeiros de corporación

naquel entón. O noivo desta voda, ou a noiva, non sabemos ben como teñen repartidos os roles, é o PP. Un partido que se caracteriza por ser o partido máis corrupto da historia da nosa democracia.

Continúa a súa intervención dicindo que cando alguén pertence a un partido corrupto, é porque acepta e dá por boa esa corrupción e di que ten 28 folios cos casos de corrupción do PP destapados ata este momento para quen os queira ver. O PP é un partido do que a fiscal anticorrupción dixo, e cita literalmente: "Queda claramente probado y demostrado que el partido popular es una organización constituída con el único ánimo de delinquir" e continúa dicindo, no seu informe final sobre o caso Gürtel - un de tantos -, que este caso non é un caso aillado, senón que os casos de corrupción se converteron para o PP no seu medio de vida.

Aquí hai sete concelleiros e concelleiras, no grupo municipal do PP, aos que xamais escoitamos condenar a corrupción. Logo entendemos que están de acordo. No noso Concello non fixeron oposición construtiva. Pola contra, limitáronse a torpedear, xunto co resto dos grupos da oposición, todo o traballo do equipo de goberno. Torpedear e, nalgúns casos, chantaxear: "Ou entra esta obra ou non votamos" e este non foi o único caso. O texto da moción de censura está chea de falacias e de erros. Unha chapuza de moción. Sinal de que o único que lles preocupaba era contar coas sinaturas necesarias para presentala, sen importar o contido. Dille ao señor Galego que para EU, el si que se está a converter nun alcalde ilexítimo e ilegal, por moito que nestes momentos a xustiza lle dea a razón, xa que sabe perfectamente que este asunto non esta rematado e segue xudicializado, pero que neste momento lle permite a el tomar a alcaldía por asalto. Quere dicirle tamén que no que resta de legislatura, dende EU-Fene xamais nos dirixiremos a el como alcalde. Se a algúns se lles coñece polos feitos, a outros polas súas palabras, polo que quere rematar coas de Gumersindo Galego, no momento en que foi coñecedor da expulsión do goberno dos grupos municipais PSOE e PDDdG: "Eu non vou facer unha moción de censura. As mocións de censura só serven para dividir ao pobo. Ademais, que estamos en Fene e aquí coñecemos todos, e a min xamais se me ocorrería liarme nin con Noceda nin con Bastida".

Remata a súa intervención dicindo que foi un pracer compartir este ano e medio de traballo en equipo, cos compañeiros de Goberno, Tino, Sandra, Justo e Mariela, e co persoal de todos e cada un dos departamentos de Concello, para quen non ten mais que boas palabras. Un pracer ter servido á veciñanza de Fene, sendo leal aos seus principios e aos principios do partido político polo cal se presentou, EU-IU.

Seguidamente a presidenta concédelle a palabra á voceira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, que di que logo de escoitar ao señor Rodríguez Bastida, non lles queda nada este ano en Fene. Pouco máis pode dicir, logo das palabras do alcalde, o único é deixar clara a postura do BNG respecto desta moción de censura, fraguada hai máis dun ano por toda a oposición e feita realidade por orde xudicial, por unha resolución xudicial que dá lexitimidade a dúas persoas, tráfugas, que a día de hoxe están expulsadas da súa formación política, a que os trouxo aquí a onde están agora sentados, ocupando unha cadeira como representantes da veciñanza. A maioría dos veciños e veciñas de Fene dixerón non a un goberno do PP e vostedes presentáronse ás eleccións como as forzas do cambio, os que farían unha viaxe ao sol antes que facilitar un goberno do PP. Hoxe non só o facilitan, senón que o apoian cos seus votos. Alá vostedes. Hoxe e nos seguintes meses teranllo que explicar ao pobo de Fene. Hai pouco, os mesmos que agora levan ao PP á alcaldía dicían publicamente algo así: "que ninguén se engane, que o PP de Fene é o mesmo que en Galicia e que en Madrid". Hoxe vótase aquí unha moción de censura, uns apoiarana de xeito activo e outros de xeito pasivo, co silencio, cun silencio covarde que di moitas cousas.

Ese silencio é do partido Socialista de Fene e vostedes saberán por que e terán que explicar a súa actuación, xa que aquí todos se coñecen e saben a cor da chaqueta de cada quen. O BNG di non á moción de censura porque non se axusta á legalidade, está recorrida a instancias superiores xudiciais. Di non porque non ten xustificación. Fene funciona e funciona ben.

Continúa a súa intervención a voceira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, que di que Fene funciona a pesar da oposición destrutiva, ruín e traidora, non só traidora co equipo do goberno, senón cos seus votantes. As persoas que os puxeron nesta mesa de representantes do pobo, onde xa hai tempo que algúns están de máis porque non representan a ninguén. Quixera que os que hoxe apoian a moción de censura expliquen aquí cal foi o seu traballo dende agosto de 2016. Cantas propostas fixeron? cantas iniciativas trouxeron ás comisións e aos Plenos? cal foi a súa proposta para os orzamentos? onde esta a dación de conta do seu traballo? Xa sabe que non poden, xa que o único que fixeron foi conspirar, buscar calquera "resquicio" da legalidade para facer este asalto ao goberno. Todos saben a que veñen e que é o que van facer de aquí ás vindeiras eleccións, porque saben que despois delas están mortos politicamente. Hoxe están a permitir que a estratexia do PP de asaltar as alcaldías a base de mocións de censura, comprando votades, chegue a Fene. Hoxe cos votos duns e os silencios doutros abren a porta a un goberno corrupto, interesado e falto de

principios, que o único que quere é vivir a costa do pobo de Fene, usando a xustiza para a súa conveniencia, como se verá moi pronto, cando teñan que decidir, se se esclarece definitivamente a venda fraudulenta de chatarra ou se queda o tema detido nun caixón da alcaldía.

Prosegue a súa intervención a voceira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, dicindo que o BNG non veu vivir da política, traballaron tres persoas co soldo do señor Gumersindo Galego, outros verase que si, a cobrar, a comer, a beber e se cadra a algo máis, cos cartos de todos nós. Volverán as políticas dos amiguismos, dos pagamentos de favores e dos enchufismos. Non quere rematar sen o seu máis sincero agradecemento ao alcalde Juventino Trigo, ao seu traballo e ao seu esforzo, posto ao servizo da veciñanza de Fene e dille que para eles foi un pracer traballar con el. Co goberno do BNG e EU, Fene funciona, cousa que saben e dóelles. Os argumentos desta moción son falaces e actuaron como auténticos gánsteres na oposición e todos saben a verdadeira motivación deste acto, no que hoxe se atopan. A mosan así a súa miseria persoal e moral, vostedes hoxe aquí matan a política e o seu significado máis xenuíno.

Rematado o debate a presidenta anuncia a votación desta moción de censura, co chamamento nominal dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

Ayala Garrido, Joaquín: abstención  
Barro Couto, Juana: si  
Castro García, César Daniel: si  
Franco Casal, Juan José: si  
Galego Feal, Gumersindo Pedro: si  
García Balado, Amalia: abstención  
Gutiérrez Sánchez, Alejandro Jorge: si  
Martínez Ardá, Justo: no  
Martínez Rodríguez, María del Carmen: no  
Noceda Carballo, Antón Lois: abstención  
Novo Picos, Ana María: si  
Permuy Meizoso, Alejandra: no  
Rodríguez Bastida, Xoán Manuel: si  
Serantes Panceiras, José Andrés: si  
Trigo Rey, Juventino José: no  
Bértoa Ponte, Rocío Aurora: si  
Aguilar Prieto, María Manuela: no

Á vista do resultado da votación, a secretaria anuncia que a moción foi aprobada por maioría absoluta de 9 votos a favor (7 do grupo municipal do PP e 2 do grupo municipal Somos Fene), 3 abstencións do grupo municipal Socialista e 5 votos en contra (4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal), polo que o Pleno acorda:

#### **Aprobar a moción de censura contra o alcalde Juventino José Trigo Rey.**

Logo de prosperar a moción de censura, considérase proclamado o candidato á alcaldía Gumersindo Pedro Galego Feal.

#### **Nomeamento do novo alcalde, Gumersindo Pedro Galego Feal**

De seguido, a concelleira da mesa de idade, Rocío Aurora Bértoa Ponte, procede a preguntarlle ao alcalde proclamado, tal e como esixe o artigo 108 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, empregando a fórmula que establece o artigo 1 do Real Decreto 707/1979, do 5 de abril: Xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcalde do Concello de Fene con lealdade ao Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?, ao que, Gumersindo Pedro Galego Feal, responde: "si prometo".

#### **De acordo a todo isto, declárase nomeado co cargo de alcalde do Concello de Fene a Gumersindo Pedro Galego Feal.**

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 13.13 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.



En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas e polo alcalde, Gumersindo Pedro Galego Feal.

\*(1) Transcríbese entrecorrido descurso entregado na secretaria.

C.I.F.: P-1503600-G

CVD: zcF6w5nP8xk4AIZ4qtKe  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.